



CPR. "JORGE JUAN" - XUVIA (NARÓN)

R/ Marcial Calvo, 1
15570 Xuvia - Narón (A CORUÑA)
Tlf./fax: 981 38 30 20
E-mail: cpr.jorgejuan@edu.xunta.es

Estimadas familias,

Esperamos que vos atopedes ben de saúde e de ánimo.

Acabamos o 2ª trimestre e iniciamos o 3º nunhas circunstancias moi especiais e somos conscientes das dificultades que parte do alumnado pode ter para poder seguir esta aprendizaxe non presencial. Estamos a facer todo o posible para que chegue a todas as nenas e nenos do noso centro dunha maneira ou doutra; por iso todo o profesorado, e especialmente os titores e titoras están en continuo contacto coas familias e alumnado, na procura de que acaden o maior proveito da metodoloxía non presencial.

Compartimos con vós os Acordos do MEC coas CCAA sobre o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do curso 2020-2021.

En canto teñamos Instrucións concretas da Consellería de Educación y/ou de Inspección Educativa, compartirémolas con todos/as vós tamén.

Seguimos aproveitando o terceiro trimestre para desenvolver as actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.

Calquera dúbida ou consulta, atenderémola no correo do colexio cpr.jorgejuan@edu.xunta.es, e no teléfono 981383020.

Páxina web : www.colegiojorgejuanxuvia.com

Coa esperanza e o desexo de reencontrarnos pronto,

A Dirección.